

## Tradución

# Hrnečku, vaň! *Pota, coce!*

de Karel Jaromír Erben

Xavier FRÍAS CONDE

Tradución do checo

### Karel Jaromír Erben (1811-1870)



A literatura checa segue a ser unha gran descoñecida nesta parte de Europa. Soamente uns poucos nomes teñen certo eco entre nós, mais o certo é que a literatura checa goza dunha longa tradición.

O caso que temos entre mans é o de Karel Jaromír Erben, considerado un dos clásicos da literatura checa do século XIX. Os manuais da lite-

ratura defínenlo como poeta e recompilador da literatura popular checa. Xustamente nesta segunda faceta é onde o recolleemos, no medio do período romántico que percorreu Europa hai xa dous séculos, cando a recuperación das tradicións se tornou nunha actividade de vital importancia para moitos estudosos da época. A persistencia da tradición oral checa foi posíbel grazas ao labor de K. J. Erben e mais doutra grande escritora coetánea del, Božena Němcová.

Erben adáptase perfectamente ao perfil de escritor romántico: interesado nas tradicións e historia de Bohemia é defensor da identidade nacional checa (pénsese que daquela Bohemia era parte do Imperio Austrohúngaro e a lingua oficial era o alemán, de aí que autores nados en Praga, como Kafka, empregasen o alemán como lingua literaria mais tamén de expresión corrente). Ademais, tivo unha boa formación musical, que favoreceu que o seu achegamento á literatura popular se fíxese tamén a través da música, nomeadamente as baladas. Era, ademais, un home de profundas crenzas relixiosas, o cal se reflicte decote na súa poesía.

Sobre el, un dos grandes da literatura checa, Jan Neruda, escribiu:

Haberá un día en que o resto do mundo recoñecerá a nación checa; daquela, Erben hase alzar entre os grandes da literatura mundial. É un poeta coa serenidade dos antigos, un poeta lírico, que nin é subxectivo nin reflexivo, senón un creador obxectivo...

## Čeco

V jedné vsi žila jedna chudá vdova a měla jednu dceru. Zůstávaly v staré chalupě s doškovou, roztrhanou střechou a měly na půdě několik slepic. Stará chodila v zimě do lesa na dříví, v létě na jahody a na podzim na pole sbírat a mladá nosila do města vejce na prodej, co jim snesly slepice. Tak se spolu živily.

Jednou v létě se stará trochu roznemohla a mladá musela sama do lesa na jahody, aby měly co jíst. Vařily si z nich kaši. Vzala hrnec a kus černého chleba a šla. Když měla hrnec plný jahod, přišla v lese k jedné studánce. Tu si k té studánce sedla, vyndala si ze zástěry chléb a začala obědvat. Bylo právě poledne.

Najednou se tu odněkud vzala nějaká stará žena, vypadala jako žebračka, a v ruce držela hrneček.

“Ach má zlatá panenko”, povídá ta žebračka, “to bych jedla! Od včerejška od rána neměla jsem ani kousek chleba v ústech. Nedala bys mi kousek toho chleba?”

“I pročpak ne”, řekla ta holka, “chcete-li, třeba celý; však já domů dojdu. Jen nebude-li vám tuze tvrdý?”

A dala jí celý svůj oběd.

“Zapla? pánbůh, má zlatá panenko, zapla? pánbůh! Ale když jsi, panenko, tak hodná, musím ti taky něco dát. Tuhle ti dám ten hrneček. Když ho doma postavíš na stůl a řekneš: ‘Hrnečku, vař!’ navaří ti tolik kaše, co budeš chtít. A když budeš myslit, že už máš kaše dost, řekni: ‘Hrnečku, dost!’ a hned přestane vařit. Jen nezapomeň, co máš říci”.

Tu jí ten hrneček podala a najednou se ztratila, holka ani nevěděla kam

Když přišla domů, povídá matce, co se jí v lese přihodilo, a hned postavila hrneček na stůl a řekla:

„Hrnečku, vař!“

## Galego

Érase unha vez unha viúva pobre que vivía nunha aldea e tiña unha filla. Habitaban nunha cabana co teito de palla todo roto e no faiado tiñan unhas poucas galiñas. A anciá ía de inverno ao bosque por leña, de verán por amorodos e de outono ía polos campos a recoller o que houbese. Pola súa banda, a moza levaba os ovos que puñan as súas galiñas a vender á vila. E así se gañaban a vida.

Unha vez, durante o verán, a anciá púxose algo doente e a moza tivo que ir soa ao bosque por amorodos para ter algo de comer. Con elas facían unhas papas. Proveuse dunha pota e un anaco de pan negro e axiña foise. Logo de conseguir encher a pota de amorodos, veu até un manancial. Sentou á beira, quitou o pan do mandil e púxose a xantar. Era xusto mediodía.

De súpeto, de non se sabe onde, xurdiu unha anciá con aspecto de esmoleira que levaba unha pota pequena na man.

– Ah miña querida —díxolle a esmoleira—, que fame teño! Desde onte de mañá non levei nin un anaco de pan á boca. Non me darías un bocado dese teu pan?

– Como non —respondeu a rapariga—. Se quere, téñao todo. Non me fai falla comer para volver á casa. Con todo, non lle resultará demasiado duro o pan?

*E a rapariga deulle todo o pan.*

– ¡Deus cho pague, miña querida, Deus cho pague! Pero como es tan boa, querida, tamén eu quero darche algo. Regalareiche esta pota. Cando chegues a casa, pola na mesa e dislle: “Pota, coce!”. E hache facer todas as papas que queiras, cando xa creas que tes de máis, só tes que lle dicir: “Pota, xa abonda!”. E a pota has deter. Tan só procura non esquecer o que lle debes dicir.

A anciá entregoulle a pota e de súpeto desapareceu, sen que a rapariga soubese por onde se fora.

Cando chegou á casa, contou á súa nai o que lle sucedeu no bosque. Axiña colocou a pota no chan da mesa e dixo:

– Pota, coce!

Chtěla zvědět, jestli jí ta žebračka neobelhala. Ale hned se začala v hrnečku ode dna kaše vařit a pořád jí bylo víc a víc, a co by deset napočítal, byl už hrneček plný.

“Hrnečku, dost!”

A hrneček přestal vařit.

Hned si obě sedly a s chutí jedly; kaše jako mandle. Když se najedly, vzala mladá do košíčku několik vajec a nesla je do města. Ale musela s nimi na trhu sedět dlouho, dávali jí za ně málo, až teprve večer je všechny prodala.

Stará se jí doma nemohla dočkat, už se jí chtělo jíst a měla zase chut' na kaši. Vzala tedy hrneček, postavila ho na stůl a sama řekla:

“Hrnečku, vař!”

Tu se v hrnečku začala hned kaše vařit, a sotva se stará otočila, byl už plný.

“Musím si taky pro misku a pro lžici dojít”, povídá si stará a jde pro to do komory.

Ale když se vrátila, zůstala leknutím jako omráčena: kaše se valila plným hrdlem z hrnečku na stůl, ze stolu na lavici a z lavice na zem. Stará zapomněla, co má říci, aby hrneček přestal vařit. Přiskočila a přikryla hrneček miskou; myslila, že tím kaši zastaví. Ale miska spadla na zem a roztloukla se, a kaše hrnula se neustále dolů jako povodeň. Už jí bylo v sednici tolik, že stará odtud musela do síně utéci; tu lomila rukama a bědovala:

“Ach, ta nešťastná holka, co to přinesla! Já jsem si hned pomyslila, že to nebude nic dobrého!”

Za chvílku tekla už kaše ze sedničky přes práh do síně; čím jí bylo víc, tím jí víc přibývalo. Stará už nevěděla kudy kam a vylezla v té ouzкости na půdu a pořád bědovala, co to ta nešťastná holka přinesla. Zatím ale bylo kaše

A rapariga quería comprobar que a anciá non a enganara. Pero axiña empezaron a cocer as papas e a crecer desde o fondo da pota, de modo que cada vez había máis e máis. Antes de contar até dez, a pota xa estaba a rebordar.

– Pota, xa abonda!

E a pota parou de cocer

Axiña as dúas sentaron e comerón nas papas con ganas. Era todo un manxar. Despois de comer, a moza meteu uns cantos ovos na cesta e levounos a vender á cidade. Pero tivo que estar sentada moito intre cos ovos ao seu carón, porque lle ofrecían ben pouco por eles, así que tivo que esperar até a noite para os vender todos.

Entrementres, na casa, a anciá comíaa a impaciencia. Xa tiña fame e víñanlle unhas ganas enormes de tomar de novo papas. Daquela, puxo a pota no chan da mesa e dixo:

– Pota, coce!

Entón, a pota comezou inmediatamente a facer papas, pero antes de que a anciá acabase de dar a volta, a pota xa estaba a rebordar.

– Teño que ir por unha cunca e unha culler —díxose a anciá e foise á despensa.

Pero, cando volveu, quedou arrepiada, como de pedra. As papas xa pasaban o bordo da pota e caían a gallarón na mesa, da mesa caían ao escano e do escano, ao chan. Á anciá esquecéraselle o que tiña que dicir para que a pota deixase de cocer. Deu un salto e cubriu a boca da pota cos cunca. Pensaba que así deixarían de saír papas. Pero a cunca caeu ao chan e esnaquizou. As papas non deixaban de brotar e precipitábanse como un aluvión. Xa había tantas papas no cuarto que a anciá tivo que escapar ao soportal. Agarrouse as mans e comezou a se lamentar:

– Ai, esta infeliz, que trouxo á casa? Desde o primeiro momento eu xa sabía que non era nada bo.

Un intre despois, as papas xa saían do cuarto e polo limiar chegaban ao pórtico. Cantas máis papas había, máis rápido fluían. A anciá xa non sabía que facer, tiña tanto medo que se subiu ao faiado sen deixar de lamentarse do que trouxera a

pořád víc a víc a netrvalo dlouho, valila se už jako mračna dveřmi i oknem na náves na silnici, a kdoví jaký by to bylo vzalo konec, kdyby se byla právě našťestí mladá nevrátila a nekřikla:

“Hrnečku, dost!”

Ale na návsi byl už takový kopec kaše, že sedláci, když tudy večer jeli z roboty domů, už nemohli projet a museli se skrz kaši na druhou stranu prokousat.

infeliz da rapariga. Entremetres, as papas seguían a crecer e saían a gallarón pola porta e a fiestra até alcanzaren a praza da aldea e a estrada. Quen sabe como acabaría todo isto, se felizmente naquel momento non regresase a rapariga e ordenase:

– Pota, xa abonda!

Pero na praza había xa unha montaña de papas tan enorme que os labregos, ao volveren pola noite dos campos, non puideron pasar por alí de regreso á casa e tiveron que atravesar a montaña de papas abríndose paso por baixo a bocados.